1.- Na modalidade comercial da taxa, os suxeitos pasivos, sexan contribuíntes ou substitutos, deberán presentar diante da Administración Municipal no prazo de trinta días hábiles, a contar desde o día de ocupación efectiva do inmovible, declaración tributaria ao efecto, conforme ao modelo oficial incorporado como anexo a esta Ordenanza –anexos II e III, para o titular da actividade e para o propietario do local, respectivamente–, indicando, en todo caso, a referencia catastral do inmovible, o seu enderezo e acompañando copia do documento en que conste o título habilitante para ocupar o inmovible. Transcorrido o dito prazo sen se presentar esa declaración, a Administración poderá efectuar de oficio a alta no correspondente Padrón Fiscal do tributo, sen prexuízo da tramitación do expediente sancionador que, no seu caso, proceda.

2.- Cando se coñeza, de oficio ou por comunicación expresa aos servizos tributarios por parte dos interesados, calquera variación dos datos do Padrón fiscal, poderán realizarse as modificacións oportunas, previa instrución do expediente de comprobación que proceda, modificacións que surtirán efectos na confección do Padrón fiscal inmediato seguinte, sen prexuízo da regularización que resulte do expediente tramitado ao efecto en relación ao exercicio presente e/ou aos exercicios pasados non prescritos.

3.- Os suxeitos pasivos contribuíntes pola modalidade comercial da taxa deberán presentar, dentro do prazo dos 30 días seguintes ao cese das súas actividades, copia do documento acreditativo da baixa do correspondente censo tributario na A.E.A.T., se no seu día resultou esixible a súa alta en tal censo, ou, no seu defecto, declaración asinada a tal fin, segundo modelo oficial anexo a esta Ordenanza, a fin de proceder, no seu caso, ao rateo da cota anual da taxa, ou á oportuna devolución dos excesos indebidamente aboados.

4.- Cando da información remitida pola A.E.A.T. se poña de manifesto para a Administración o cese de actividade nalgún local, esta poderá tramitar de oficio a baixa do correspondente Padrón Fiscal, e, se dispuxera de información bancaria actualizada do contribuínte, proceder á devolución de oficio das cotas indebidamente satisfeitas, en caso de que exista un rateo procedente, pero non procederá a satisfacer intereses de demora, que só procederán en caso de que exista declaración previa de cesamento por parte do contribuínte, computándose os prazos para que se produza o reporte dos xuros de demora, conforme ao establecido na Lei 58/2003 e as súas disposicións de desenvolvemento, desde a data da súa presentación.

ARTIGO 12º.- INSPECCIÓN TRIBUTARIA.

1.- Corresponde ao Servizo de Xestión e Inspección Tributaria e Catastral do Concello a realización das actuacións de comprobación e investigación tributaria, na vía administrativa de xestión e/ou inspección, conforme ao previsto nos artigos 136 e seguintes da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, e no R.D. 1065/2007, polo que se aproba o Regulamento de Xestión e Inspección Tributaria.

2.- No exercicio dos labores investigadores, os Axentes da Policía Local terán a condición de axentes da Inspección ou Xestión Tributaria cando así o requira ou dispoña o Sr. Alcalde-Presidente, ou persoa en quen delegue, a instancia do Servizo de Xestión e Inspección Tributaria e Catastral.

ARTIGO 13º.- RECADACIÓN.

1.- O tributo recadarase anualmente nos prazos que se determinen na resolución do Sr. Alcalde, ou da persoa ou órgano en quen este tivera delegado, pola que se aproben os Padróns Fiscais da taxa, nas súas dúas modalidades, podendo acordarse, no mesmo acto, o fraccionamento dos recibos do Padrón en distintas liquidacións, así como o establecemento de sistemas de bonificación polo pago anticipado ou en prazos de domiciliación obrigatoria, de acordo co previsto no art. 9.1 do R.D.L. 2/2004. Dita resolución será publicada no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello, conforme ao previsto no art. 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e nos artigos 23 e seguintes do R.D. 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento Xeral de Recadación.

2.- A efectos dunha maior eficacia na xestión do tributo, aprobaranse dous Padróns Fiscais por separado:

- a) No primeiro, denominado Padrón de LIXOV, incluíranse os suxeitos pasivos pola realización do feito imponible aos que sexa de aplicación a Tarifa 1ª.
- b) No segundo, denominado Padrón de LIXOC, incluíranse os suxeitos pasivos pola realización do feito imponible aos que sexan de aplicación as Tarifas 2ª a 101ª.

3.- As cotas que non sexan satisfeitas en período voluntario de cobranza esixíranse pola vía da prema sobre o patrimonio do administrado, aplicándose os recargos que legalmente resulten esixibles.

ARTIGO 14º.- INTERPRETACIÓN. CONSULTAS TRIBUTARIAS.

1.- Facultase ao Alcalde a ditar disposicións interpretativas desta Ordenanza, das que deberá dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre con posterioridade ao seu ditado, en aplicación extensiva do previsto no art. 12.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria. Ditas disposicións deberán ser publicadas no Boletín Oficial da Provincia, para xeral coñecemento, e colgaranse nun apartado específico ao efecto dentro da web corporativa do Concello, accesible desde o menú onde se atopen dispoñibles os textos das Ordenanzas Fiscais municipais.

2.- Corresponde á Alcaldía, conforme ao previsto no art. 88.5 da Lei Xeral Tributaria, o ditado das resolucións ás consultas tributarias escritas, conforme ao previsto no art. 13 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aprobou o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais. As respostas a ditas consultas, omitindo os datos das persoas consultantes que poidan conducir á súa identificación, serán colgadas dentro da web corporativa do Concello, nun apartado específico ao efecto, para facilitar o seu coñecemento polas persoas administradas.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA.-

Aos procedementos relativos a feitos impositivos reportados con anterioridade ao primeiro de xaneiro de 2013, seralles de aplicación a versión vixente da Ordenanza reguladora das taxas a data do reporte. En ningún caso se aplicarán, de maneira retroactiva, as tarifas desta Ordenanza Fiscal, aínda que sexan máis favorables ao suxeito pasivo, pois só se aplicarán aos feitos impositivos producidos a partir do primeiro de xaneiro de 2013, data da súa entrada en vigor.

DISPOSICIÓN FINAL.-

A presente Ordenanza entrará en vigor o día primeiro de xaneiro de 2014, e derroga a versión anterior da Ordenanza Fiscal número 6, reguladora da taxa pola prestación do servizo de recollida domiciliar de lixo e residuos sólidos urbanos.

ANEXOS Á ORDENANZA FISCAL Nº 6:

ANEXO I.- MODELO DE COMUNICACIÓN DE BAIXA DE ACTIVIDADE E SOLICITUDE DE RATEO DA COTA ANUAL E DEVOLUCIÓN.

ANEXO II.- MODELO DE COMUNICACIÓN DE ALTA COMERCIAL.

**ANEXO III.- MODELO DE COMUNICACIÓN DE ALTA COMERCIAL:
Propietario/a | Usufrutuário/a do local.**



**ANEXO I.- COMUNICACIÓN DE BAIXA DE ACTIVIDADE
TAXA DE LIXO-COMERCIAL**

D/D^a _____

Con NIF _____ e enderezo de notificación _____

En Representación de _____

Con Cif/Nif _____ y enderezo en _____

Teléfono: _____ Referencia expediente anterior: _____ Rexistro anterior: _____

EXPÓN:

- Que é titular da actividade sita en _____, dedicada a _____.
- Que é suxeito pasivo da taxa de lixo, modalidade comercial, neste concello (Achégase copia do último recibo aboado).
- Que, con data __/__/____, procedín ao cese na actividade antes descrita (Achégase copia do modelo 036/037 de baixa nos censos da A.E.A.T.)

POLO QUE SOLICITA:

Que se teña por cumprimentada a obriga establecida no art. 11.3 da Ordenanza Fiscal nº 6, de comunicación do cese da actividade, e, consecuentemente, se proceda á baixa do Padrón Fiscal da taxa pola prestación do servizo de recollida domiciliaria de lixo e residuos sólidos urbanos, na súa modalidade comercial.

Que se me devolva o exceso de pagamento polos trimestres xa aboados en exceso, á conta corrente da miña titularidade:

_____/_____/_____/_____.

En _____ a _____ de _____ de 2____

Asinado,

Dni _____ Nome _____

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CARBALLO

INSTRUCCIÓN DE CUMPRIMENTACIÓN

- 1.- Por favor, cubra todos os datos con letra maiúscula, do xeito máis claro posible.
- 2.- No cubra a casíña sita na parte superior esquerda da primeira páxina (sobre o logotipo do Concello) que aparece sombreada, pois é un espazo reservado para a Administración.
- 3.- Insira o seu nome completo, nome e apelidos, por esta orde.
- 4.- Indique o seu número de identificación fiscal completo, incluíndo a letra.
- 5.- Marque o domicilio a efectos de notificacións no procedemento a que desexa dar lugar. Non esqueza que debe ser o lugar onde desexa recibir as comunicacións desta Administración, e que debe ser o lugar onde se atope habitualmente en horario de mañá.
- 6.- Se actúa en representación doutra persoa, física ou xurídica, indique todos os datos da persoa representada, cos mesmos requisitos que se sinalan nos parágrafos 3 e 4. As notificacións realizaranse ao domicilio da persoa representante, o marcado como domicilio de notificacións no parágrafo 5, non ao domicilio da persoa representada. Non esqueza acompañar, no caso de persoas xurídicas, a acreditación do poder de representación no seu favor.
- 7.- Se actúa en representación, acompañe o poder de representación, asinado pola persoa representada e onde se identifique claramente a persoa representante, con nome, apelidos, e NIF, así como a extensión do poder outorgado, coas sinaturas de ambas, e cos requisitos sinalados no art. 43 da Lei 230/1963, de 28 de decembro, Xeneral Tributaria. Pode, para isto, utilizar o modelo de poder de representación facilitado por esta Administración, que acompaña a presente.
- 8.- Rógase que faga constar un número de teléfono de contacto onde se atope habitualmente en horario de mañá, de luns a venres.
- 9.- Se a presente instancia se referise a un procedemento xa iniciado, rógase que cumprimente o número de expediente ao que se refire, indicando o número de rexistro de entrada da instancia que deu orixe á apertura do expediente, ou, no seu caso, que acompañe fotocopia de dita instancia orixinaria.
- 10.- Na casíña de EXPÓN: rógase que verifique que acompaña a documentación que alí se sinala, ou non será admitida no Rexistro municipal a súa solicitude, por conter afirmacións falsas. Se desexa expor algún outro extremo, rogámoslle que achegue outra solicitude separada, utilizando un modelo que non se atope precuberto, con tales cuestións.
- 11.- Na casíña SOLICITA: rógase que marque cunha X, en todo caso, a primeira opción. Marque ademais a segunda opción se a súa baixa se produce antes do primeiro de outubro do exercicio ao que se refira o recibo cuxa devolución pretende, pois, do contrario, xa non procederá devolución.
- 12.- Na última casíña, indique a data de cumprimentación do documento, e non esqueza sinalo, indicando o NIF e nome completo da persoa que asina –e que ha de ser, en todo caso, a que figura identificada no encabezamento do escrito–.



**ANEXO II.- COMUNICACIÓN DE INICIO/ALTA DE
ACTIVIDADE. TAXA DE LIXO-COMERCIAL**

D/D^a _____

Con NIF _____ e enderezo de notificación _____

En Representación de _____

Con Cif/Nif _____ y enderezo en _____

Teléfono: _____ Referencia con expte: _____ Rexistro anterior: _____

EXPÓN:

- Que, en data __/__/____, procedeuse a iniciar unha actividade no local con referencia catastral _____, sito en R/Lg./Av. _____, nº _____, pranta _____, dedicado á actividade de _____.
(Achégase copia da alta censal na AEAT)
- Que o referido local é propiedade de D./Dna. _____, con NIF _____, e ocúpase na condición de:
Propietario.
Arrendatario.
Cesionario por outro título (especificar): _____
(Achégase copia do título habilitante para a súa ocupación).

POLO QUE SOLICITA:

- A alta no Padrón Fiscal da taxa pola prestación do servizo de recollida domiciliaria de lixo e residuos sólidos urbanos e a emisión das liquidacións correspondentes, en cumprimento do previsto no art. 11.1 da Ordenanza Fiscal nº 6 dese Concello.

En _____ a _____ de _____ de 20__
Asinado,

NIF _____ Nome _____

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CARBALLO

Art. 11.1 Ordenanza Fiscal nº 6: Normas de xestión tributaria da taxa:

Na modalidade comercial da taxa, os suxeitos pasivos, sexan contribuíntes ou substitutos, deberán presentar perante a Administración Municipal no prazo de trinta días hábiles, a contar desde o día de ocupación efectiva do inmovible, declaración tributaria ao efecto, conforme ao modelo oficial incorporado como anexo a esta Ordenanza, indicando, en todo caso, a referencia catastral do inmovible, a súa dirección e acompañando copia do documento en que conste o título habilitante para ocupar o inmovible. Transcorrido dito prazo sen se presentar dita declaración, a Administración poderá efectuar de oficio a alta no correspondente Padrón Fiscal do tributo, sen prexuízo da tramitación do expediente sancionador que, no seu caso, proceda.

INSTRUCCIÓN DE CUMPRIMENTACIÓN

- 1.- Por favor, cubra todos os datos con letra maiúscula, do modo máis claro posible.
- 2.- Non cubra a casiña sita na parte superior esquerda da primeira páxina (sobre o logotipo do Concello) que aparece sombreada, pois é un espazo reservado para a Administración.
- 3.- Insira o seu nome completo, nome e apelidos, por esta orde.
- 4.- Indique o seu número de identificación fiscal completo, incluíndo a letra.
- 5.- Marque o domicilio a efectos de notificacións no procedemento ao que desexa dar lugar. Non esqueza que debe ser o lugar onde desexa recibir as comunicacións desta Administración, e que debe ser o lugar onde se atope habitualmente en horario de mañá.
- 6.- Se actúa en representación doutra persoa, física ou xurídica, indique todos os datos da persoa representada, cos mesmos requisitos que se sinalan nos parágrafos 3 e 4. As notificacións realizaranse ao domicilio da persoa representante, o marcado como domicilio de notificacións no parágrafo 5, non ao domicilio da persoa representada. Non esqueza acompañar, no caso de persoas xurídicas, a acreditación do poder de representación no seu favor.
- 7.- Se actúa en representación, acompañe o poder de representación, asinado pola persoa representada e onde se identifique claramente a persoa representante, con nome, apelidos, e NIF, así como a extensión do poder outorgado, coas sinaturas de ambas, e cos requisitos sinalados no art. 43 da Lei 230/1963, de 28 de decembro, Xeneral Tributaria. Pode, para isto, utilizar o modelo de poder de representación facilitado por esta Administración, que acompaña a presente.
- 8.- Rógase que faga constar un número de teléfono de contacto onde se encontre habitualmente en horario de mañá, de luns a venres.
- 9.- Se a presente instancia se referise a un procedemento xa iniciado, rógase cumprimente o número de expediente ao que se refire, indicando o número de rexistro de entrada da instancia que deu orixe á apertura do expediente, ou, no seu caso, que acompañe fotocopia de dita instancia orixinaria.
- 10.- Na casiña de EXPÓN: rógase que verifique que acompaña a documentación que alí se sinala, ou non será admitida no Rexistro municipal a súa solicitude, por conter afirmacións falsas. Se desexa expor algún outro extremo, rogámoslle que achegue outra solicitude separada, utilizando un modelo que no se atope precuberto, con tales cuestións.
- 11.- Na casiña SOLICITA: Non é necesario que cumprimente nada máis que o xa incluído na casiña.
- 12.- Na última casiña, indique a data de cumprimentación do documento, e non esqueza asinalo, indicando o NIF e nome completo da persoa que asina –e que ha de ser, en todo caso, a que figura identificada no encabezamento do escrito–.



**ANEXO III.- COMUNICACIÓN DE CESIÓN DE LOCAL –
TAXA LIXO-COMERCIAL: Propietario/usufructuario.**

D/D^a _____

Con NIF _____ e enderezo de notificación _____

En Representación de _____

Con Cif/Nif _____ e enderezo en _____

Teléfono: _____ Referencia con expte: _____ Rexistro anterior: _____

EXPÓN:

- Que, en data __/__/____, procedeuse á cesión dun local con referencia catastral _____, sito en R/Lg./Av. _____, nº _____, pranta _____, para o exercicio dunha actividade económica no seu interior.
- Que o referido local é da miña propiedade/usufructo.
- Que o dito local cedeuse a _____, con NIF _____.(Achégase copia do documento no que se plasma a cesión: contrato de arrendamento ou outros).

POLO QUE SOLICITA:

- Se dea por cumprida a obriga formal prevista no art. 11.1 da Ordenanza Fiscal nº 6 dese Concello.

En _____ a _____ de _____ de 20__
Asinado,

NIF _____ Nome _____

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CARBALLO

Art. 11.1 Ordenanza Fiscal nº 6: Normas de xestión tributaria da taxa:

Na modalidade comercial da taxa, os suxeitos pasivos, sexan contribuíntes ou substitutos, deberán presentar perante a Administración Municipal no prazo de trinta días hábiles, a contar desde o día de ocupación efectiva do inmovible, declaración tributaria ao efecto, conforme ao modelo oficial incorporado como anexo a esta Ordenanza, indicando, en todo caso, a referencia catastral do inmovible, a súa dirección e acompañando copia do documento en que conste o título habilitante para ocupar o inmovible. Transcorrido dito prazo sen se presentar dita declaración, a Administración poderá efectuar de oficio a alta no correspondente Padrón Fiscal do tributo, sen prexuízo da tramitación do expediente sancionador que, no seu caso, proceda.

INSTRUCCIÓN DE CUMPRIMENTACIÓN

- 1.- Por favor, cubra todos os datos con letra maiúscula, do modo máis claro posible.
- 2.- Non cubra a casiña sita na parte superior esquerda da primeira páxina (sobre o logotipo do Concello) que aparece sombreada, pois é un espazo reservado para a Administración.
- 3.- Insira o seu nome completo, nome e apelidos, por esta orde.
- 4.- Indique o seu número de identificación fiscal completo, incluíndo a letra.
- 5.- Marque o domicilio a efectos de notificacións no procedemento ao que desexa dar lugar. Non esqueza que debe ser o lugar onde desexa recibir as comunicacións desta Administración, e que debe ser o lugar onde se atope habitualmente en horario de mañá.
- 6.- Se actúa en representación doutra persoa, física ou xurídica, indique todos os datos da persoa representada, cos mesmos requisitos que se sinalan nos parágrafos 3 e 4. As notificacións realizaranse ao domicilio da persoa representante, o marcado como domicilio de notificacións no parágrafo 5, non ao domicilio da persoa representada. Non esqueza acompañar, no caso de persoas xurídicas, a acreditación do poder de representación no seu favor.
- 7.- Se actúa en representación, acompañe o poder de representación, asinado pola persoa representada e onde se identifique claramente a persoa representante, con nome, apelidos, e NIF, así como a extensión do poder outorgado, coas sinaturas de ambas, e cos requisitos sinalados no art. 43 da Lei 230/1963, de 28 de decembro, Xeneral Tributaria. Pode, para isto, utilizar o modelo de poder de representación facilitado por esta Administración, que acompaña a presente.
- 8.- Rógase que faga constar un número de teléfono de contacto onde se encontre habitualmente en horario de mañá, de luns a venres.
- 9.- Se a presente instancia se referise a un procedemento xa iniciado, rógase cumprimente o número de expediente ao que se refire, indicando o número de rexistro de entrada da instancia que deu orixe á apertura do expediente, ou, no seu caso, que acompañe fotocopia de dita instancia orixinaria.
- 10.- Na casiña de EXPÓN: rógase que verifique que acompaña a documentación que alí se sinala, ou non será admitida no Rexistro municipal a súa solicitude, por conter afirmacións falsas. Se desexa expor algún outro extremo, rogámoslle que achegue outra solicitude separada, utilizando un modelo que no se atope precuberto, con tales cuestións.
- 11.- Na casiña SOLICITA: Non é necesario que cumprimente nada máis que o xa incluído na casiña.
- 12.- Na última casiña, indique a data de cumprimentación do documento, e non esqueza asinalo, indicando o NIF e nome completo da persoa que asina –e que ha de ser, en todo caso, a que figura identificada no encabezamento do escrito–.

DILIXENCIA.- Observacións de vixencia.

Versión actual da Ordenanza (nova redacción do texto completo):

Aprobación inicial: Sesión ord. Pleno 24/09/2012. B.O.P. nº 189, do 03/10/2012.

Aprobación definitiva: Sesión ord. Pleno 26/11/2012. B.O.P. nº 235, do 11/12/2012.

Modificación parcial: Sesión org. Pleno 30/09/2013. B.O.P. nº 239, do 17/12/2013.

Versión anterior da Ordenanza, vixente do 01/01/1996 ao 31/12/2012:

Aprobación definitiva: Sesión ord. 02/11/1995. B.O.P. nº 292, do 22/12/1995.

Modificacións:

Vixente do 01/01/2000 ao 31/12/2001:

Aprobación definitiva: B.O.P. nº 299, do 31/12/1999 e B.O.P. nº 15, do 20/01/2000.

Vixente do 01/01/2002 ao 31/12/2003:

Aprobación definitiva: B.O.P. nº 298, do 31/12/2001.

Vixente do 01/01/2004 ao 31/12/2011:

Aprobación definitiva: B.O.P. nº 298, do 31/12/2003.

Vixente do 01/01/2012 ao 31/12/2012:

Aprobación definitiva: B.O.P. nº 245, do 27/12/2011.

- **Texto vixente do 01/01/2012 ao 31/12/2012:**

ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DOMICILIARIA DE LIXO E RESIDUOS SOLIDOS URBANOS.

ARTIGO 1º.- FUNDAMENTO E RÉXIME.

No uso das potestades conferidas pola Constitución, polo art. 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local e dacordo co previsto no art. 57 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aprobou o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este Concello establece a Taxa pola prestación do servizo de recollida domiciliaria de lixo e residuos sólidos urbanos, que se regulará pola presente Ordenanza, redactada conforme ó disposto nos arts. 20 a 27 do devandito R.D.L. 2/2004.

ARTIGO 2º.- FEITO IMPOÑIBLE.

1.- O feito imponible desta taxa ven determinado pola prestación do servizo de recollida domiciliaria de lixo e residuos sólidos urbanos de vivendas, aloxamentos, recintos deportivos e locais ou establecementos onde se exerzan actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticas ou de servizos.

2.- A estes efectos, considéranse lixo e residuos sólidos urbáns os restos e desperdicios de alimentación ou detritus procedentes da limpeza normal de locais ou vivendas, estando excluídos deste concepto os residuos de tipo industrial, escombros de obra, detritus humanos, materiais contaminados, corrosivos, perigosos ou aqueles que

esixan na recollida a adopción de especiais medidas de hixiene, profilácticas ou de seguridade.

3.- O servizo de recollida de lixo enténdese prestado en todo o Termo Municipal, sendo de recepción obrigatoria para tódolos cidadáns. A estes efectos presumirase que tódalas vivendas e locais con subministro de auga potable están efectivamente ocupadas, agás que o contribuínte presente proba en contrario por algún dos medios admisibles en dereito. A organización e funcionamento do servizo subordinarase ás normas que dicte o Concello para a súa regulamentación. Entenderanse situados fóra do ámbito de prestación do servizo todos aqueles inmobles que se atopen sitios fóra da imaxinaria circunferencia de 350 metros de radio que, tendo coma centro cada contenedor, circunda este. Corresponde ó contribuínte demostra-la falta de prestación do servizo.

4.- No suposto da realización de dous ou mais feitos impoñibles no mesmo local, devengarase unicamente a cota correspondente a actividade que teña sinalada a maior contía nas tarifas do artigo 7, sumando a superficie de tódalas actividades desenvolvidas no mesmo local, cando sexan dun mesmo titular. Se fosen de titulares distintos, xiraranse liquidacións diferentes por cadansúa tarifa.

5.- O Concello poderá xirar liquidación a todo inmovible do termo municipal que teña á súa disposición o Servizo, utilíceo ou non, dado que éste é de recepción obrigatoria.

ARTIGO 3º.- SUXEITOS PASIVOS

1.- Son suxeitos pasivos desta taxa, a título de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así coma as entidades reguladas no artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, que ocupen ou utilicen calquera clase de vivenda ou local, ben sexa a título de propiedade, arrendatario, ou calquera outro dereito real, incluso en precario.

2.- Terá a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte o propietario das devanditas vivendas ou locais, que poderá repercuti-las cotas sobre os usuarios ou beneficiarios do servizo. O Concello de Carballo emitirá as liquidacións contra o propietario, se fose coñecido, ou, do contrario, contra o ocupante do inmovible, que disporá dun prazo de 15 días hábiles, desde a recepción da mesma, para aportar proba do seu título habilitante para ocupa-la vivenda e da identidade do propietario da mesma, para que o Concello emita nova liquidación a nome do propietario. A averiguación da ocupación dunha vivenda por persoa distinta do seu propietario suporá a inclusión do dito inmovible no Censo de Vivendas en réxime de aluguer do Concello de Carballo. As vivendas que se demostren deshabitadas pasarán a formar parte do Censo de Vivendas deshabitadas do Concello de Carballo.

3.- A liquidación de alta dos locais de negocio realizarase a nome do titular da alta censal, salvo que, co mesmo procedemento do número anterior, probe a titularidade do inmovible.

ARTIGO 4º.- RESPONSABLES.

En materia de responsabilidade estarase ao previsto na Lei 58/2003, xeral tributaria e nas disposicións que a desenvolvan ou complementen.

ARTIGO 5º.- BENEFICIOS FISCAIS.

De conformidade co disposto no artigo 9.1 do R.D.L. 2/2004, non se recoñece beneficio tributario algún, agás os que sexan consecuencia do establecido en normas ou Tratados Internacionais ou que estén previstos en normas con rango de Lei.

ARTIGO 6º.- PERÍODO IMPOSITIVO.

O período impositivo coincide co ano natural. Nos casos de alta ou baixa presentadas durante o período impositivo, as cotas serán prorrateables por trimestres naturais.

ARTIGO 7º.-TARIFAS:

1.- As cotas tributarias serán o resultado de aplica-lo seguinte cadro de tarifas:

Tarifa 1ª. Vivendas:

Vivendas casco urbano (zona recollida de maior frecuencia):
61,37 €
Vivendas en zonas de recollida de frecuencia inferior:
49,10 €

Tarifa 2ª : Actividades económicas clasificadas na Agrupación 67 da Sección Primeira das Tarifas do IAE:

Ata 100 metros cadrados: 205,50 €
Entre 101 e 200 metros cadrados: 280,20 €
Entre 201 e 500 metros cadrados: 389,15 €
Entre 500 e 1000 metros cadrados: 480 €
Máis de 1000 metros cadrados: 640 €

Tarifa 3ª: Actividades económicas clasificadas na Agrupación 68 da Sección Primeira das Tarifas do IAE:

Actividades con restaurante, por habitación: 18,70 €
Actividades sen restaurante, por habitación: 10,90 €
Campamentos, por praza: 1,90 €

Tarifa 4ª: Actividades económicas clasificadas nos Epígrafes 963.1, 963.2, 969.1, 969.2, 969.3, da Sección Primeira das Tarifas do IAE:

a) Con servicio de ambigú á mesma titularidade xurídica:

- Se se atopan abertos ó público 183 ou máis días ó ano: 721 €
Se se atopan abertos ó público menos de 183 días/ano: 375 €
- b) Sen servizo de ambigú, ou con él a outra titularidade xurídica:
Se se atopan abertos ó público 183 ou máis días ó ano: 600 €
Se se atopan abertos ó público menos de 183 días/ano: 325 €

Nota: Deberase declarar polos titulares o horario de apertura anual con anterioridade á aprobación do Padrón anual do imposto. Do contrario, entenderase que se abre durante 183 ou máis días ó ano. Corresponde ó titular a proba de que o número de días de apertura é inferior ós 183, consonte ás regras da normativa do I.A.E.

Tarifa 5ª: Actividades económicas clasificadas nos Epígrafes 963.4, 964.1, 964.2, 965.1, 968.1, 969.5, 969.6, 972.2 e 982.1 da Sección Primeira das Tarifas do IAE:

1.Cota tributaria única de 389,15 €

Tarifa 6ª: Actividades económicas clasificadas no Grupo 967 da Sección Primeira das Tarifas do IAE:

2.Cota tributaria única de 210 €

Tarifa 7ª: Actividades económicas clasificadas na Agrupación 64 (excepto os epígrafes 647.2., 647.3. e 647.4), da Sección Primeira das Tarifas do IAE:

Ata 30 metros cadrados: 120,20 €
De 31 a 100 metros cadrados: 205,50 €
De 101 a 200 metros cadrados: 280,20 €
De 201 a 400 metros cadrados: 389,15 €.
De mais de 400 metros cadrados: 466,90 €.

Tarifa 8ª: Actividades económicas clasificadas na Agrupación 61 e na Agrupación 65 da Sección Primeira das Tarifas do IAE:

Ata 30 metros cadrados: 93,55 €
De 31 a 100 metros cadrados: 155,50 €
De 101 a 200 metros cadrados: 205,50 €
De 201 a 400 metros cadrados: 280,20 €
De mais de 400 metros cadrados: 389,15 €

Tarifa 9ª: Actividades económicas clasificadas no Grupo 661, no epígrafe 662.1., e nos epígrafes 647.2., 647.3. e 647.4 da Sección Primeira das Tarifas do IAE:

1. Ata 250 metros cadrados: 300 €
2. De 251 a 400 metros cadrados: 450 €
3. De 401 a 1000 metros cadrados: 900 €
4. Máis de 1000 metros cadrados: 1.200 €

Tarifa 10ª: Actividades económicas clasificadas no Grupos 755, 756, 757, 761, en calquera actividade da División 8ª, todas encadradas dentro da Sección Primeira das Tarifas do IAE:

- A) Ata 30 metros cadrados: 124,70 €
- B) De 31 a 100 metros cadrados: 205,50 €
- C) De 101 a 200 metros cadrados: 280,20 €
- D) De 201 a 400 metros cadrados: 389,15 €
- E) De mais de 400 metros cadrados: 466,90 €

Tarifa 11ª: Actividades económicas clasificadas nas Agrupacións 93, 94, 95, e nos grupos 966 e 979:

- F) Ata 30 metros cadrados: 93,55 €
- G) De 31 a 100 metros cadrados: 155,50 €
- H) De 101 a 200 metros cadrados: 205,50 €
- I) De 201 a 400 metros cadrados: 280,20 €
- J) Mais de 400 metros cadrados: 389,15 €

Tarifa 12ª: Actividades económicas clasificadas na Sección Segunda das Tarifas (profesionais) ou na Sección Terceira (artistas):

- K) Cota tributaria única de 93,50 €

Tarifa 13ª: Actividades económicas clasificadas nas Divisións 1 a 5 da Sección Primeira (industriais e construción), nas Agrupacións 62 e 69 da Sección Primeira, nos Grupos 751, 754, 757, 922, 971, 972 2 973 da Sección Primeira :

- L) Ata 30 metros cadrados: 124,70 €
- M) De 31 a 100 metros cadrados: 186,70 €
- N) De 101 a 200 metros cadrados: 249,05 €
- O) De 201 a 400 metros cadrados: 342,20 €
- P) De mais de 400 metros cadrados: 466,90 €

Tarifa 14ª: Outras actividades non expresamente tarifadas:

- Q) Ata 30 metros cadrados: 124,70 €
- R) De 31 a 100 metros cadrados: 186,70 €
- S) De 101 a 200 metros cadrados: 249,05 €
- T) De 201 a 400 metros cadrados: 342,20 €
- U) De mais de 400 metros cadrados: 389,15 €

Tarifa 15ª: Actividades económicas realizadas na zona de extrarradio: Aplicaranse as tarifas previstas nas dez clasificacións anteriores, segundo a natureza da actividade realizada, do seguinte xeito:

1. As realizadas en zonas de recollida de frecuencia inferior: redución do 40 %

2.- Para a aplicación das tarifas expostas tomarase en consideración a superficie declarada que conste para cada contribuínte na Matrícula do Imposto sobre Actividades

Económicas, sen prexuízo de que se fagan as comprobacións e rectificacións que se estimen oportunas.

ARTIGO 8º.- RETRIBUCIÓN.

1.- Retribuirase a taxa e nacerá a obriga de contribuir o primeiro de xaneiro de cada período impositivo.

2.- Nos casos de alta, a retribución coincidirá coa data da ocupación das vivendas ou locais de negocio.

ARTIGO 9º.- NORMAS DE XESTIÓN.

1.- Os suxeitos pasivos, sexan contribuintes ou substitutos, deberán presentar no prazo de trinta días, a contar desde o día de ocupación efectiva do inmovible, na Administración Municipal, declaración das vivendas ou establecementos que ocupen, mediante declaración tributaria ó efecto. Transcorrido o devandito prazo sen presentarse a devandita declaración, a Administración, sen prexuízo das sancións que procedan, poderá efectuar de oficio a alta no correspondente matrícula do tributo.

2.- Cando se coñeza, de oficio ou por comunicación dos interesados, calquera variación dos datos do Padrón, poderán realizarse as modificacións oportunas, que surtirán efectos na confección do Padrón inmediato seguinte.

ARTIGO 10º.- RECADACIÓN.

1.- O tributo recadarase anualmente nos prazos que se determinen no acordo do Sr. Alcalde, ou órgano en quen este teña delegado, polo que se aproben os Padróns Fiscais da taxa, podendo acordarse, no mesmo acto, o fraccionamento dos recibos do Padrón en distintas liquidacións.

2.- As cotas que non se paguen no período voluntario de cobranza, esixiránse pola vía de construximento cos recargos legais que sexan de aplicación.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA.

A presente Ordenanza entrará en vigor o día primeiro de xaneiro de 2012.

>>

- **Texto vixente do 01/01/2004 ao 31/12/2011:**

<<

ORDENANZA FISCAL N° 6

ORDENANZA REGULADORA DA TAXA SOBRE RECOLLIDA DOMICILIARIA DE LIXO OU RESIDUOS SOLIDOS URBANS.

ARTIGO 1º.- FUNDAMENTO E RÉXIME.

No uso das potestades conferidas pola Constitución, polo art. 106 da Lei 7/1985 do 2 de abril de bases do réxime local e dacordo co previsto no art. 58 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, este Concello establece a Taxa pola prestación do servizo de recollida domiciliaria de lixo e residuos sólidos urbanos, que se regulará pola presente Ordenanza, redactada conforme ó disposto nos arts. 20 a 27 da dita Lei 39/1988.

ARTIGO 2º.- FEITO IMPOÑIBLE.

1. O feito impoñible desta taxa ven determinado pola prestación do servizo de recollida domiciliaria de lixo e residuos sólidos urbanos de vivendas, aloxamentos, recintos deportivos e locais ou establecementos onde se exerzan actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticas ou de servizos.

2.A estes efectos, considéranse lixo e residuos sólidos urbáns os restos e desperdicios de alimentación ou detritus procedentes da limpeza normal de locais ou vivendas, estando excluídos deste concepto os residuos de tipo industrial, escombros de obra, detritus humáns, materiais contaminados, corrosivos, perigosos ou aqueles que esixan na recollida a adopción de especiais medidas de hixiene, profilácticas ou de seguridade.

3. O servizo de recollida de lixo enténdese prestado en todo o Termo Municipal, sendo de recepción obrigatoria para tódolos cidadáns. A estes efectos presumirase que tódalas vivendas e locais con subministro de auga potable están efectivamente ocupadas, agás que o contribuínte presente proba en contrario por algún dos medios admisibles en dereito. A organización e funcionamento do servizo subordinarase ás normas que dicte o Concello para a súa regulamentación. Entenderanse situados fóra do ámbito de prestación do servizo todos aqueles inmobles que se atopen sitos fóra da imaxinaria circunferencia de 350 metros de radio que, tendo coma centro cada contenedor, circunda este. Corresponde ó contribuínte demostra-la falta de prestación do servizo.

4. No suposto da realización de dous ou mais feitos impoñibles no mesmo local, devengarase unicamente a cota correspondente a actividade que teña sinalada a maior contía nas tarifas do artigo 7, sumando a superficie de tódalas actividades desenvolvidas no mesmo local, cando sexan dun mesmo titular. Se fosen de titulares distintos, xiraranse liquidacións diferentes por cadansúa tarifa.

5. O Concello poderá xirar liquidación a todo inmovible do termo municipal que teña á súa disposición o Servizo, utilíceo ou non, dado que éste é de recepción obrigatoria.

ARTIGO 3º.- SUXEITOS PASIVOS

1.Son suxeitos pasivos desta taxa, a título de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así coma as entidades reguladas no artigo 33 da Lei 230/1963, xeral tributaria, que ocupen ou utilicen calquera clase de vivenda ou local, ben sexa a título de

propiedade, arrendatario, ou calquera outro dereito real, incluso en precario.

2. Terá a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte o propietario das devanditas vivendas ou locais, que poderá repercuti-las cotas sobre os usuarios ou beneficiarios do servizo. O Concello de Carballo emitirá as liquidacións contra o propietario, se fose coñecido, ou, do contrario, contra o ocupante do inmovible, que disporá dun prazo de 15 días hábiles, desde a recepción da mesma, para aportar proba do seu título habilitante para ocupa-la vivenda e da identidade do propietario da mesma, para que o Concello emita nova liquidación a nome do propietario. A averiguación da ocupación dunha vivenda por persoa distinta do seu propietario suporá a inclusión do dito inmovible no Censo de Vivendas en réxime de aluguer do Concello de Carballo. As vivendas que se demostren deshabitadas pasarán a formar parte do Censo de Vivendas deshabitadas do Concello de Carballo.

3. A liquidación de alta dos locais de negocio realizarase a nome do titular da alta censal, salvo que, co mesmo procedemento do número anterior, probe a titularidade do inmovible.

ARTIGO 4º.- RESPONSABLES.

En materia de responsabilidade serán aplicables os artigos 37 e seguintes da Lei xeral tributaria.

ARTIGO 5º.- BENEFICIOS FISCAIS.

De conformidade co disposto no artigo 9.1 da Lei 39/88, de 28 de decembro, non se reconece beneficio tributario algún, agás os que sexan consecuencia do establecido en normas ou Tratados Internacionais ou que estén previstos en normas con rango de Lei.

ARTIGO 6º.- PERÍODO IMPOSITIVO.

O período impositivo coincide co ano natural. Nos casos de alta ou baixa presentadas durante o período impositivo, as cotas serán prorrateables por trimestres naturais.

ARTIGO 7º.-TARIFAS:

1.- As cotas tributarias serán o resultado de aplica-lo seguinte cadro de tarifas:

Tarifa 1ª. Vivendas:

Vivendas casco urbano: 54,50 €

Vivendas en zona de recollida 2 días/semana: 32,70 €

Vivendas en zona de recollida 1 día/semana: 25 €

Tarifa 2ª: Actividades económicas clasificadas na Agrupación 67 da Sección Primeira das Tarifas do IAE:

Ata 100 metros cadrados: 205,50 €

Entre 101 e 200 metros cadrados: 280,20 €

Entre 201 e 500 metros cadrados: 389,15 €
Entre 500 e 1000 metros cadrados: 480 €
Máis de 1000 metros cadrados: 640 €

Tarifa 3ª: Actividades económicas clasificadas na Agrupación 68 da Sección Primeira das Tarifas do IAE:

Actividades con restaurante, por habitación: 18,70 €
Actividades sen restaurante, por habitación: 10,90 €
Campamentos, por praza: 1,90 €

Tarifa 4ª: Actividades económicas clasificadas nos Epígrafes 963.1, 963.2, 969.1, 969.2, 969.3, da Sección Primeira das Tarifas do IAE:

a) Con servizo de ambigú á mesma titularidade xurídica:
Se se atopan abertos ó público 183 ou máis días ó ano: 721 €
Se se atopan abertos ó público menos de 183 días/ano: 375 €
b) Sen servizo de ambigú, ou con él a outra titularidade xurídica:
Se se atopan abertos ó público 183 ou máis días ó ano: 600 €
Se se atopan abertos ó público menos de 183 días/ano: 325 €

Nota: Deberase declarar polos titulares o horario de apertura anual con anterioridade á aprobación do Padrón anual do imposto. Do contrario, entenderase que se abre durante 183 ou máis días ó ano. Corresponde ó titular a proba de que o número de días de apertura é inferior ós 183, consonte ás regras da normativa do I.A.E.

Tarifa 5ª: Actividades económicas clasificadas nos Epígrafes 963.4, 964.1, 964.2, 965.1, 968.1, 969.5, 969.6, 972.2 e 982.1 da Sección Primeira das Tarifas do IAE:

Cota tributaria única de 389,15 €

Tarifa 6ª: Actividades económicas clasificadas no Grupo 967 da Sección Primeira das Tarifas do IAE:

Cota tributaria única de 210 €

Tarifa 7ª: Actividades económicas clasificadas na Agrupación 64 (excepto os epígrafes 647.2., 647.3. e 647.4), da Sección Primeira das Tarifas do IAE:

Ata 30 metros cadrados: 120,20 €
De 31 a 100 metros cadrados: 205,50 €
De 101 a 200 metros cadrados: 280,20 €
De 201 a 400 metros cadrados: 389,15 €.
De mais de 400 metros cadrados: 466,90 €.

Tarifa 8ª: Actividades económicas clasificadas na Agrupación 61 e na Agrupación 65 da Sección Primeira das Tarifas do IAE:

Ata 30 metros cadrados: 93,55 €
De 31 a 100 metros cadrados: 155,50 €

De 101 a 200 metros cadrados: 205,50 €
De 201 a 400 metros cadrados: 280,20 €
De mais de 400 metros cadrados: 389,15 €

Tarifa 9ª: Actividades económicas clasificadas no Grupo 661, no epígrafe 662.1., e nos epígrafes 647.2., 647.3. e 647.4 da Sección Primeira das Tarifas do IAE:

Ata 250 metros cadrados: 300 €
De 251 a 400 metros cadrados: 450 €
De 401 a 1000 metros cadrados: 900 €
Máis de 1000 metros cadrados: 1.200 €

Tarifa 10ª: Actividades económicas clasificadas no Grupos 755, 756, 757, 761, en calquera actividade da División 8ª, todas encadradas dentro da Sección Primeira das Tarifas do IAE:

Ata 30 metros cadrados: 124,70 €
De 31 a 100 metros cadrados: 205,50 €
De 101 a 200 metros cadrados: 280,20 €
De 201 a 400 metros cadrados: 389,15 €
De mais de 400 metros cadrados: 466,90 €

Tarifa 11ª: Actividades económicas clasificadas nas Agrupacións 93, 94, 95, e nos grupos 966 e 979:

Ata 30 metros cadrados: 93,55 €
De 31 a 100 metros cadrados: 155,50 €
De 101 a 200 metros cadrados: 205,50 €
De 201 a 400 metros cadrados: 280,20 €
Mais de 400 metros cadrados: 389,15 €

Tarifa 12ª: Actividades económicas clasificadas na Sección Segunda das Tarifas (profesionais) ou na Sección Terceira (artistas):

Cota tributaria única de 93,50 €

Tarifa 13ª: Actividades económicas clasificadas nas Divisións 1 a 5 da Sección Primeira (industriais e construción), nas Agrupacións 62 e 69 da Sección Primeira, nos Grupos 751, 754, 757, 922, 971, 972 e 973 da Sección Primeira :

Ata 30 metros cadrados: 124,70 €
De 31 a 100 metros cadrados: 186,70 €
De 101 a 200 metros cadrados: 249,05 €
De 201 a 400 metros cadrados: 342,20 €
De mais de 400 metros cadrados: 466,90 €

Tarifa 14ª: Outras actividades non expresamente tarifadas:

Ata 30 metros cadrados: 124,70 €
De 31 a 100 metros cadrados: 186,70 €

De 101 a 200 metros cadrados: 249,05 €
De 201 a 400 metros cadrados: 342,20 €
De mais de 400 metros cadrados: 389,15 €

Tarifa 15ª. Actividades económicas realizadas na zona de extrarradio: Aplicaranse as tarifas previstas nas dez clasificacións anteriores, segundo a natureza da actividade realizada, do seguinte xeito:

As realizadas en zonas de recollida 2 días/semana: redución do 40 %
As realizadas en zonas de recollida de 1 día/semana: redución do 55 %

2.- Para a aplicación das tarifas expostas tomarase en consideración a superficie declarada que conste para cada contribuínte na Matrícula do Imposto sobre Actividades Económicas, sen prexuízo de que se fagan as comprobacións e rectificacións que se estimen oportunas.

ARTIGO 8º.- RETRIBUCIÓN.

1.- Retribuirase a taxa e nacerá a obriga de contribuir o primeiro de xaneiro de cada período impositivo.

2.- Nos casos de alta, a retribución coincidirá coa data da ocupación das vivendas ou locais de negocio.

ARTIGO 9º.- NORMAS DE XESTIÓN.

1. Os suxeitos pasivos, sexan contribuíntes ou substitutos, deberán presentar no prazo de trinta días, a contar desde o día de ocupación efectiva do inmovible, na Administración Municipal, declaración das vivendas ou establecementos que ocupen, mediante declaración tributaria ó efecto. Transcorrido o devandito prazo sen presentarse a devandita declaración, a Administración, sen prexuízo das sancións que procedan, poderá efectuar de oficio a alta no correspondente matrícula do tributo.

2. Cando se coñeza, de oficio ou por comunicación dos interesados, calquera variación dos datos do Padrón, poderán realizarse as modificacións oportunas, que surtirán efectos na confección do Padrón inmediato seguinte.

ARTIGO 10º.- RECADACIÓN.

1. O tributo recadarase anualmente nos prazos que se determinen no acordo do Sr. Alcalde, ou órgano en quen este teña delegado, polo que se aproben os Padróns Fiscais da taxa, podendo acordarse, no mesmo acto, o fraccionamento dos recibos do Padrón en distintas liquidacións.

2. As cotas que non se paguen no período voluntario de cobranza, esixiránse pola vía de construximento cos recargos legais que sexan de aplicación.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA.

A presente Ordenanza entrará en vigor o día primeiro de xaneiro de 2004.>>